

**ANEXO C**  
**INFORME DE RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2016**

**Nº DE PROTOCOLO: 2016/099**

**1.- TÍTULO DA ACCIÓN:** V Xornada Técnica Monográfica do Ovino-Caprino en Galicia 2016.

**2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:**  
(centro de investigación/CFEA/OAC...)

- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e Oficina Agraria Comarcal de Castroverde.
- Tamén colaboran Ovica (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia).
- Vélaro S. Coop. Galega (Sociedade Cooperativa Galega de Ovino e Caprino).
- Agrupación de Defensa Sanitaria de Ovino e Caprino ADSG Acivo.

**3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:**

Enderezo: Pazo de Tor. San Xoán de Tor, s/n. CP. 27591  
Concello: Monforte de Lemos  
Provincia: Lugo

**4.- RESPONSABLE:** Manuel López Luaces

Tfno.: 881 881 801

**5.- INTRODUCCIÓN:**

O sector do gando ovino e cabrún en Galicia atravesamos un momento complexo, xa que a produción deste tipo de carne (en peso canal) tivo un drástico descenso nos últimos anos, pasando dunhas 570 TM en ovino e 207 TM en cabrún no ano 2000 (AEA, 2001) a unhas 308 TM en ovino e 63 TM en cabrún e no ano 2012 (AEA, 2013), o que supón unha redución da produción do 54% e 69% para os sectores ovino e cabrún, respectivamente.

Cómpre que os gandeiros busquen novas alternativas produtivas e por ese motivo a produción de leite para a súa posterior transformación en derivados lácteos como queixo, requeixo, iogures, batidos, etc... constitúe un nicho de mercado que está case sen explorar en Galicia. Esta alternativa supón unha vía para incorporarse na actividade agrogandeira por parte dos gandeiros/as mozos/as, polo que a oferta formativa para os mesmos é indispensable para propiciar unha maior profesionalización de todo o sector.

Nesta xornada técnica propóñense charlas en diferentes ámbitos que afectan directamente aos produtores de ovino-cabrún:

**6.- MATERIAL E MÉTODOS:**

*PROGRAMA*

09:00 h. Presentación da xornada (Santiago Crecente Campo -Investigador do CIAM responsable do Centro do Marco da Curra, M<sup>a</sup> Carmen Fernández Carreira-Presidenta de Ovica).



09:00-09:30 h – Poñencia 0: “Resultados de campos de ensaio no Marco da Curra”. (Santiago Crecente Campo -Investigador do CIAM).

09:30 – 10:30 h. POÑENCIA I: “Xestión económica dunha explotación gandeira de ovino de leite. Alimentación e nutrición do gando”. D. Raúl González González. Experto nutricionista de Purina e D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia).


10:30 – 11:30 h. POÑENCIA II: “Sanidade animal e aspectos veterinarios máis relevantes no estado sanitario do gando”. D. Cándido Tirados Feliz. Universidade de León e Asesor de Cándido Tirados y Asociados, S.L e D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia).

11:30 – 12:30 h. POÑENCIA III: “Instalacións e construcións dunha explotación-tipo de ovino de leite”. D. Marcial López Ónega. Técnico comercial de Anoca Innova S.L e D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia).

12:30 – 14:30 h. POÑENCIA IV: “ PAC 2015-2020”.

D. Fernando López López. Xefe de Servizo do FOGGA en Lugo. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia. Dna. María del Mar López García. Enxeñeira Agrónoma de Ovica.

16:00 – 19:00 h. POÑENCIA V: “A Produción dun cordeiro de calidade. Experiencia de Corderex - Cordero de Extremadura”. D. Raúl Muñiz Cimas. Director Técnico da IXP Corderex – Cordero de Extremadura. D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia). A poñencia irá acompañada dunha exposición de animais traídos de Extremadura de raza merina, cunha breve descripción morfolóxica e produtiva descritiva con carácter práctico en campo para a información aos gandeiros interesados. A duración aproximada será de unha 3 horas, entre as 4 e as 7 da tarde, con exposición in situ no lugar de ubicación dos animais para a súa caracterización morfolóxica.



## 7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

As xornadas xuntaron xente de moi variada procedencia, dende gandeiros, técnicos da consellería de medio rural, persoal das OAC, mozos e mozas interesados/as en incorporarse nesta actividade gandeira, estudantes universitarios/as e dos centros de capacitación agraria, etc...

Durante o desenvolvemento das mesmas púxose de manifesto a importancia dunha axeitada xestión dos parámetros produtivos das explotacións de ovino máis orientadas cara unha aptitude leiteira para a optimización dos recursos e para evitar a aparición de problemas sanitarios por unha inadecuada alimentación ou manexo dos animais ao longo do seu ciclo reprodutivo.

Na segunda poñencia fíxose incidencia sobre as diferentes enfermidades tanto infecciosas como contaxiosas e parasitarias que afectan á produción leiteira das principais razas produtivas de aptitude leiteira presentes en Galicia tanto en gando ovino (Assaf, etc...) como cabrún (Sanem, Boer, Alpina, etc...).

Na terceira poñencia incidíuse sobre os diferentes tipos de instalacións dispoñibles na actualidade para un correcto manexo do gando coa finalidade última de optimizar os parámetros de alimentación, reprodutivos e de sanidade animal. Fundamentados principalmente en rexímenes de manexo semi-extensivos ou intensivos.

Na cuarta poñencia abordouse a análise dos tres grandes bloques da PAC: pago base, pagos directos e axudas medioambientais, comprendendo todos os aspectos da produción agraria e gandeira (produción agraria sustentable, mantemento de pastos e prados permanentes, agricultura ecolóxica, condicionalidade, medidas agroambientais, razas autóctonas, ordenación do espazo coa compra de dereitos de superficie...) así como informativa e documental (axudas á incorporación de mozos á actividade agraria, plans de mellora nas explotacións, medidas para compensar as desvantaxes específicas do sector ovino e cabrún en Galicia, pagos directos, pago base, etc...)

Por último na poñencia da tarde, máis orientada cara os gandeiros cos rabaños de aptitude cárnica sector, se procedeu á impartición dun curso teórico-práctico, onde se abordou toda a problemática para chegar a establecer unha Indicación Xeográfica Protexida dun cordeiro de contrastada calidade e en base a unha única raza: Merina (Corderex – Cordeiro de Extremadura). Para iso contamos co seu Director Técnico, D. Raúl Muñiz, quen fixo unha presentación en colaboración con D. Carlos



Rodriguez Rodriguez (técnico de OVICA) onde se abordaron todos os aspectos a considerar na certificación do produto final, así como unha avaliación do actual mercado a nivel local, estatal e global. Unha das finalidades da sesión de tarde consistía en incidir na necesaria caracterización de canais de cordeiro e cabrito para a estandarización do produto final, o que debe servir de referencia para a marca de garantía Pastores de Galicia, propiedade de OVICA e que está comezando a dar os seus primeiros pasos.

Todos os asistentes mencionaron a importancia de poder dispoñer deste tipo de actividades formativas en temas tan interesantes e de xeito gratuíto e por profesionais traballando no sector.

Dende o CIAM consideramos que a través destas xornadas pódense chegar a transmitir coñecementos de forma directa e efectiva ós agricultores e gandeiros, cerrando aso ciclo da labor investigadora e proporcionando un servizo útil o sector.

#### 8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

A xornada contou cunha elevada participación, de case 50 persoas, principalmente do sector gandeiro. As charlas foron calificadas polos asistentes de moi interesantes, debido á variada temática abordada entre as tres primeiras poñencias (orientadas cara o sector leiteiro de ovino e de cabrún), e onde se xenerou unha dinámica moi participativa no público dado que asistiron todos os socios/as gandeiros/as de Ovica con explotacións gandeiras con orientación láctea. Valoraron moi positivamente a posibilidade de preguntar directamente ao Xefe do Fogga en Lugo sobre os aspectos da aplicación da PAC no presente ano sobre o que tiñas certas dúbidas.

Consideran indispensable poder dispoñer deste tipo de xornadas para aumentar a súa formación e proceder a unha maior profesionalización do sector de ovino e cabrún, un dos máis castigados en Galicia, polo que se debe tratar de establecer periódicamente a realización destas actividades formativas e de transferencia tecnolóxica en colaboración coas Asociacións que traballan a pé de campo e que coñecen os problemas e dificultades polas que pasan os gandeiros e polo tanto poden avaliar máis fielmente as necesidades que poderían ser cubertas por estas accións.

#### 9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:



12/12/2016.